



APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES

AXUDAS DO INLUDES

O Instituto Lucense para o Desenvolvemento Económico e Social (Inludes) abriu a convocatoria do seu Programa de Apoio ao Tecido Empresarial, cuxas bases poden consultarse no BOP nº 256, do 6 de novembro.

O devandito programa habilita tres tipos de subvencións dirixidas ás pequenas e medianas empresas de Lugo: para o acceso á Sociedade da Información e a Comunicación, para a consolidación e a modernización do tecido empresarial e para gastos de actividade.

No primeiro caso, subvencionaranse aquelas accións conducentes á inserción na Sociedade da Información das empresas beneficiarias a través da compra de equipos e á presenza dos beneficiarios en Internet co fin da promoción, o apoio e a modernización de áreas de actividade económica da provincia.

Considéranse conceptos subvencionables en concreto a adquisición, a instalación e a montaxe de equipos informáticos destinados a aplicación de contabilidade, facturación, almacén e automatización das vendas, a adquisición de licenzas e produtos de software empresarial e os gastos de desenvolvemento e implantación dunha páxina web con contidos sobre a actividade empresarial, entre outros. Todas as actuacións terán que ser realizadas entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2008.

Esta axuda cubrirá ata un 35% do investimento que resulte subvencionable, cun máximo de 3.000 euros.

En canto á subvención para a consolidación e a modernización do tecido empresarial, contempla a realización de obras e instalacións que supoñan a innovación, transformación, reordenación, ampliación, reforma ou mellora dun establecemento xa existente e a adquisición de mobiliario ou maquinaria específicos necesarios para traballar. Inclúe ademais os gastos de rotulación de vitrinas, fachadas e vehículos, o deseño e a execución de campañas publicitarias ou promocionais para a captación e a fidelización de clientes e, finalmente, os sistemas destinados á protección das mercadorías ou produtos comercializables.

Tamén neste caso as devanditas actuacións serían efectuadas do 1 de xaneiro ao 30 de decembro de 2008 e subvenciónase ata un 35% do investimento, cun tope de 12.000 euros.

Por último, concédense axudas para gastos de actividade, encamiñadas á mellora dos rendementos e da produtividade das empresas. As pemes beneficiarias sumarán como mínimo un ano de actividade no momento de solicitar a axuda e a renda neta do solicitante no exercicio 2007, elevada ao ano natural, non poderá superar o IPREM anual establecido para este exercicio (6.998,80 euros).

O Inludes poderá subvencionar ata un 20% dos gastos, cun máximo establecido de 2.000 euros por empresa beneficiaria.



O prazo de presentación das solicitudes finaliza o día 21 de novembro.

